

Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Corporación Voz de Galicia SLU, para potenciar o uso do idioma galego.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Secretario Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral de Política Lingüística formalizará coa Corporación Voz de Galicia SLU, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata 30 de setembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Corporación Voz de Galicia SLU, para contribuír á normalización e promoción da lingua galega nos medios de comunicación e conseguir que cada vez sexa maior a implantación do galego nos medios de difusión en todos os ámbitos sociais, normalizando o seu uso a través da prensa escrita e das web dos xornais na súa liña informativa en calquera tipo de noticias, temas de actualidade, crónicas e igualmente nos artigos de opinión. Así mesmo a Corporación Voz de Galicia SLU, desexa complementar esta colaboración para a extensión do uso da lingua galega a través da súa emisora de radio, Radio Voz.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Que a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, no seu título IV, e concretamente no artigo 19, establece para o ámbito dos medios de comunicación o apoio económico e material para aqueles medios que, sen seren de titularidade pública



nin sometidos á xestión ou competencia de institucións da Comunidade Autónoma, empreguen o galego dun xeito habitual e progresivo.

Que o Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia o 21 de setembro de 2004, establece como obxectivos centrais da área de medios de comunicación a necesidade de incrementar anualmente e de maneira constante o uso do galego nos medios públicos e privados, lograr unha ampla oferta informativa, de temática variada e de calidade e incrementar a presenza do galego na publicidade. Que así mesmo, as partes convenientes queren colaborar no desenvolvemento e implantación do Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 4 de agosto de 2016, no que se recollen unha serie de medidas encamiñadas a conseguir a dinamización plena do idioma galego, estendendo o seu uso ao ámbito económico nas relacións laborais, comerciais e empresariais, establecendo entre as súas actuacións, a realización de actividades de promoción do galego nos medios de comunicación para o seu reforzamento no ámbito socioeconómico.

Que esta consellería quere colaborar apoiando o labor que levan a cabo os grandes grupos de comunicación galegos de prensa escrita cos que asinará convenios de colaboración atendendo aos criterios establecidos no acordo do Consello da Xunta de 19 de xaneiro de 2006 relativo á subscripción de acordos ou convenios coas empresas titulares de medios de comunicación referidos ao emprego da lingua galega nas páxinas dos seus xornais e, tendo en conta os datos do Estudo Xeral de Medios (EXM), entidade oficial de audiencias.

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ten previsto asinar convenios de colaboración coas seguintes empresas de comunicación que engloban a prensa escrita que opera na Comunidade Autónoma: Corporación Voz de Galicia SLU, Faro de Vigo SAU, Editorial Compostela SA, El Progreso SL, La Región SA, La Capital SL, e Rías Baixas de Comunicación SA, coa finalidade de promover e fomentar a lingua e



a cultura galegas a través dos medios de comunicación para levar a cabo unha serie de actuacións en resposta a obxectivos de interese social compartidos polas partes asinantes. Que coa sinatura deste convenio preténdese contribuír á normalización e promoción da lingua galega nos medios de comunicación para conseguir que cada vez sexa maior a implantación do galego nos medios de difusión en todos os ámbitos sociais, dando un paso importante cara á normalización do galego. Que a imposibilidade de promover a concorrência pública queda xustificada en razón ás características singulares e únicas das actividades a desenvolver polos medios de comunicación ao abeiro destes convenios, xa que, o seu obxecto responde á idea de colaboración na consecución dun fin común de interese público e social e de coparticipación e coorganización na realización de actividades que serven como instrumento para a promoción da lingua e a cultura galegas

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela a 30 de marzo de 2017.

